



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO

Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Bando

Comunícase aos veciños do Concello de Boimorto que o día 31 de maio remata o prazo para xestionar a biomasa forestal, conforme ás distancias recollidas na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

A citada lei recolle as obrigas dos particulares en materia de xestión de biomasa:

- Será obrigatorio, para as persoas responsables de terreos forestais ou en zonas de influencia forestal, xestionar a biomasa vexetal nunha franxa de 50 metros perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable, así como de edificacións vivendas illadas e urbanizacións, depósitos de lixo, campings, gasolineras e parques e instalacións industriais, ubicadas a menos de 400 metros do monte.
- Nesta mesma franxa de 50 metros non poderá haber as especies sinaladas na disposición adicional terceira da referida lei (piñeiro galego (piñeiro do país), piñeiro silvestre, piñeiro de Monterrey, piñeiro de Oregón, mimosa, acacia negra, eucalipto, brecina, carqueixa, xesta, queiruga, fento, silva e toxo)

Segundo as directrices da Consellería de Medio Rural estas obrigas extendense subsidiariamente ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable .

Transcorrido o prazo, se non se cumpriron as obrigas sinaladas cabe a posibilidade de execución subsidiaria por parte do Concello, sen prexuízo da instrución do procedemento sancionador que corresponda e a imposición de multas coercitivas pola administración competente: Concello e/ou Consellería do Medio Rural.

É de máximo interese para todos os veciños de Boimorto que as fincas, montes e soares existentes no Concello se atopen nun axeitado estado de limpeza e coa meas vexetal desbrozada. Se ben este é un deber que teñen os propietarios de terreos durante todo o ano, nestas datas cobra unha especial relevancia perante o risco de incendios.

En Boimorto, 21 de maio de 2018

A Alcaldesa

Asdo.- María Jesús Novo Gómez